

BOLSAS DE COLABORACIÓN CURSO 2016-2017

Estimado Director:

O Ministerio de Educación ven de asignar á USC **81** Bolsas de Colaboración para o curso 2016-2017, destinadas a iniciar nas tarefas de investigación ao alumnado do último curso do grao ou segundo ciclo ou primeiro curso de Máster que preste a súa colaboración nun Departamento, Instituto de Investigación ou Centro Singular, en réxime de compatibilidade cos seus estudos.

Para asignar as ditas prazas a USC abre un prazo para que os **Departamentos, Institutos e Centros Singulares** comuniquen o seu interese en recibir bolseiros da antedita convocatoria e o número de bolsas que solicitan. Esta petición debe ser enviada por correo electrónico á dirección csocial@usc.es. O modelo de solicitude pode atopalo no seguinte enderezo: http://imaisd.usc.es/ftp/oit/documentos/1824_gl.doc, que deberá ser asinado en enviado en formato pdf antes das 14 horas do día 23 de xuño de 2016.

PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

Presentación de Solicitudes: O prazo de presentación de solicitudes rematará ás **14 horas do día 23 de xuño de 2016.**

ASIGNACIÓN DAS BOLSAS

A asignación de bolsas realizarase atendendo aos seguintes criterios:

- 1.-Elaborarase unha listaxe ordenada dos departamentos/Institutos de Investigación/Centros Singulares solicitantes atendendo aos criterios de ordenación que aprobe o Consello Social
- 2.-Asignarase unha bolsa a cada un dos Departamento/Instituto de Investigación/Centro Singular que previamente o solicite.
- 3.-No caso de que houbera **menos** bolsas que departamentos/Institutos de Investigación/Centros Singulares solicitantes, remataría a listaxe no último



VICERREITORÍA DE INVESTIGACIÓN
E INNOVACIÓN
Servizo de Convocatorias e Recursos Humanos
de I+D
Edificio CACTUS – Campus universitario sur
15782 Santiago de Compostela
Tel. 981 547 040 - Fax 981 547 077
Correo electrónico: citinfo@usc.es
<http://imaisd.usc.es>

departamento/Instituto de Investigación/Centro Singular que coincida co número de bolsas asignadas á USC polo Ministerio.

3- No suposto de que houbera **máis** bolsas que departamentos/Institutos de Investigación/Centros Singulares solicitantes asignaríase unha segunda bolsa ata completar o número de bolsas asignadas polo Ministerio.

A Vicerreitoría de Investigación e Innovación quere agradecer a súa colaboración neste proceso.

Santiago de Compostela, 16 de xuño de 2016
A Vicerreitoría de Investigación e Innovación

ⁱ **AS SOLICITUDES DEBEN SER REALIZADAS POLOS NOVOS DEPARTAMENTOS**